

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LUIS SEOANE
CURSO: 1º ESO
MATERIA: RELIXIÓN EVANXÉLICA
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN EVANXÉLICA
DATA: 04/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por mor da situación extraordinaria debido a propagación do Covid-19, que obrigou ó peche dos centros educativos, seguindo as indicacións do 13 de Marzo da Xunta de Galicia e o estado de alarma declarado polo Goberno, efectivo a partir do 16 de Marzo e extendido durante o 3º trimestre, o departamento de Relixión Evanxélica, seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do 3º trimestre, considera necesario revisar e adaptar os puntos seguintes da súa programación:

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Dado que resultou imposible completar a totalidade dos contidos durante o curso, o departamento seleccionou os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles para poder superar a materia. O obxectivo de ditos estándares é facilitar unha ensinanza a distancia e cubrir da mellor maneira posible a totalidade das competencias básicas, minimizando o impacto nos cursos posteriores e asegurando unha adecuada realización persoal do alumnado a tódolos niveis.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
Coñecer a estrutura do Antigo e Novo Testamento	Recoñece a estrutura e composición do Antigo e Novo Testamento relacionando os libros da Biblia cos distintos escritores
	Localiza os libros da Biblia con axilidade e mostra capacidade de manexar a Biblia con autonomía
	Memoriza versículos clave acerca do valor da Biblia e a súa importancia para a vida do cristián explicando o seu significado
Investigar os principais sucesos na historia bíblica dende Adán ata Xosé elaborando a información recollida	Identifica os personaxes bíblicos claves nesta etapa ordenándoos cronoloxicamente entendendo a importancia da súa contribución á historia da salvación.
	Analiza as implicacións que teñen os feitos principais do inicio da historia do pobo de Israel no plan de salvación de Deus asociándoos coas súas causas
Identificar e ordenar cronoloxicamente as etapas do nacemento, crecemento e primeiros anos do ministerio de Xesús, que relatan os evanxeos.	Recoñece e ordena cronoloxicamente as etapas da vida de Xesús
Obter e analizar información relevante sobre o ministerio de Xesús, utilizando a Biblia coma fonte	Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para elaborar traballos acerca da vida de Xesús
Explicar a figura de Xesús, analizando a súa divinidade e humanidade, así como o seu exemplo de vida.	Observa, analiza e explica a primeira etapa da vida de Xesús, nomeando algúns dos exemplos máis relevantes da súa conduta e actitudes

<p>Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e aprender e expresar contidos sobre a historia do cristianismo primitivo.</p>	<p>Utiliza bibliografía variada para conseguir información sobre a obra misioneira de Pablo e elaborar traballos e/ou tarefas específicas</p>
<p>Explicar o amor de Deus pola humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións</p>	<p>Emprende en grupo, unha análise xeral da realidade humana a través dos medios informativos relacionándoo cos temas estudados no bloque.</p>
<p>Analizar a importancia da liberdade de conciencia e a responsabilidade no marco bíblico e no contexto social.</p>	<p>Define a liberdade de conciencia, analizando a súa importancia persoal e social e a responsabilidade que temos asociada á liberdade</p>

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación

Para a avaliación do 3º trimestre utilizaranse todos os medios que teñamos o noso alcance, tendo en conta a necesidade que temos de adaptar a nosa metodoloxía nun modelo case exclusivamente online de ensinanza. Para levar a cabo esta tarefa, utilizaremos os canles oficiais e trataremos de contactar co alumnado sempre que nos sexa posible. Polo tanto, o aula virtual, a web do centro, os emails e plataformas coma Drive serán utilizados para facer chegar o alumnado as indicacións pertinentes. Do mesmo xeito, trataremos de asegurarnos de que tódolos alumnos teñan as mesmas oportunidades e facilidades a hora de acceder os contidos, levando un seguimento de cada alumno e adaptando a metodoloxía segundo as circunstancias o esixan.

Cualificación final

Para o sistema de cualificación do 3º trimestre teranse en conta os resultados do 1º e 2º trimestre, e sempre dun modo obxectivo. No caso de existir unha valoración negativa, será debidamente xustificada e tentarase recuperar mediante un plan específico para cada caso, sempre facilitando que o alumno acade os obxectivos plantexados. Os traballos realizados neste trimestre influirán unicamente de maneira positiva no alumnado, sen perxuízo do alumnado que presente dificultades a hora de acceder as tarefas propostas. Darase unha valoración sempre tendo en conta as circunstancias individuais de cada alumno e tendo especial atención ó alumnado máis vulnerable.

Proba extraordinaria de setembro

Para a proba extraordinaria de setembro realizarase una tarefa ou exame, dependendo das circunstancias do estudante e dependendo da situación con respecto a apertura dos centros educativos. De todos os xeitos, a proba estará adecuada respecto dos contidos impartidos nas dúas avaliacións e respecto da circunstancia individual de cada alumno. Tratarase de facilitar en todo caso que os alumnos teñan as mesmas oportunidades e de conseguir que o estudante poda continuar coa súa formación da maneira máis óptima posible

Alumnado de materia pendente

Non é relevante neste curso o alumnado coa materia pendente xa que non hai alumnos con ditas características.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 8	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Metodoloxía

Esta circunstancia obríganos a reformar o noso método metodolóxico empregado ata agora, obrigandonos a ofrecer un modelo case exclusivamente a distancia de ensinanza. Para levar a cabo esta tarefa, utilizaremos os canles oficiais e trataremos de contactar co alumnado sempre que nos sexa posible. A metodoloxía empregada segue tendo como obxectivo tratar de estimular a motivación do alumnado, potenciar a súa autoestima, a súa autonomía e a comunicación coas familias, así como conseguir que o alumnado logre aproveitar da mellor maneira esta metodoloxía non presencial. Do mesmo xeito, trataremos de asegurarnos de que tódolos alumnos teñan as mesmas oportunidades e facilidades a hora de acceder os contidos, levando un seguimento de cada alumno e adaptando a metodoloxía segundo as circunstancias o esixan.

Actividades

As actividades serán exclusivamente de repaso e consolidación dos contidos dos dous primeiros trimestres. Tratarase de reforzar os estándares de aprendizaxe e de consolidar as competencias básicas esenciais para superar o curso. A tipoloxía será variada dependendo do nivel do alumnado e de cada circunstancia concreta. Fundamentalmente, para chegar o nivel requerido, as actividades e tarefas serán eminentemente prácticas, de xeito que cada alumno sexa capaz de traballar de maneira autónoma e, de ser o caso, que o alumnado que non alcanzase os estándares requeridos poda chegar a adquirilos e ter a posibilidade de recuperación e promoción.

Materiais e recursos

Os recursos e materiais que empregaremos, debido á natureza online e a distancia, serán o aula virtual, a web do centro, os emails e plataformas coma o Drive, os cales serán utilizados para facer chegar o alumnado as indicacións pertinentes. No caso de atopar con alumnos desconectados ou con dificultades para acceder ós contidos, utilizarase calquera outro medio de comunicación que se considere pertinente, coma o contacto centro alumno ou mensaxes persoais mediante apps coma o whatsapp.

4. Información e publicidade

Mediante o uso dos materias e recursos indicados anteriormente, informarase de esta adaptación a toda comunidade educativa e será publicada na web do centro.

Pontevedra a 4 maio 2020

O xefe de departamento

Jairo Santiago Moraña

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 8	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------